

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OROSO

Bases que rexen a convocatoria de selección de un/unha operario/a de limpeza baixo a modalidade de contrato laboral fixo (OEP 2018) así como creación de bolsa de emprego para cubrir prazas de xeito temporal de operario de limpeza

ANUNCIO

En uso das facultades que me outorga o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigo e o artigo 41.14.c) do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por Resolución da Alcaldía nº 1202/2018 do 2/11, aprobáronse as seguintes bases e convocatoria para a selección por oposición dunha praza de Operario de limpeza como persoal laboral fixo así incluído na Oferta de Emprego Público do exercicio 2018 así como a creación dunha bolsa de emprego:

PRIMEIRO. APROBAR as bases que rexen na convocatoria de selección dun operario de limpeza baixo a modalidade de contrato laboral fixo (OEP 2018) así como a creación dunha bolsa de emprego para cubrir prazas de xeito temporal de operario de limpeza do Concello de Oroso co contido que a continuación se recolle e simultaneamente aprobar a convocatoria do citado procedemento de selección.

BASES QUE REXEN A CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE UN/UNHA OPERARIO/A DE LIMPEZA BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL FIXO (OEP 2018) ASÍ COMO CREACIÓN DE BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR PRAZAS DE XEITO TEMPORAL DE OPERARIO DE LIMPEZA.

BASE PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto da presente convocatoria cubrir de xeito definitivo unha praza de operario de limpeza (Grupo V) baixo a modalidade de persoal laboral fixo ao abeiro do previsto no artigo 26.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, artigo 15.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, correspondente á Oferta de Emprego Público do 2018 do Concello de Oroso (BOP nº 190 do 4 de outubro de 2018).

Igualmente é obxecto da presente convocatoria a creación dunha bolsa de emprego para proceder a provisión temporal de prazas das mesmas características, polos motivos sinalados nos artigos 15. 1 a), b) e c) do Estatuto dos Traballadores, é dicir, a realización de unha obra ou servizo determinados, o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses así coma para a substitución temporal dos titulares das prazas ou eventualmente dos seus substitutos, en tanto en canto non se reincorporen á súa praza.

O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista na función pública (Lei 53/1984, de 25 de decembro).

BASE SEGUNDA. RETRIBUCIÓNS E FINANCIAMENTO

O importe das retribucións dos traballadores será a establecida no Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Oroso para o grupo V, así coma a Relación de Postos de Trballo para o posto definido na Base seguinte e no anexo de persoal orzamentario para o posto de operario de limpeza.

BASE TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO E FUNCIÓNS DO/A TRABALLADOR/A

O/A aspirante seleccionado/a no presente proceso selectivo incorporaranse ao concello, dándose de alta na Seguridade Social, e demais requisitos legais non antes do 31 de decembro de 2018, sendo as características da praza as seguintes:

PERSOAL LABORAL:

Grupo	Denominación	Vacantes	Nivel de titulación	Forma de provisión	Nivel
V	Oficial de 1ª	1	Estudios primarios.	Oposición.	12

Departamento de adscrición: Departamento de Obras e Servizos: Brigada de Servizos Básicos.

Clave de adscrición: 05.02.02;03;04

As funcións dos aspirantes seleccionados serán as definidas pola relación de postos de traballo do Concello de Oroso para o posto de "Operario de limpeza, clave 05.02.02, 03, 04"

- Limpeza de rúas, parques e xardíns e en xeral espazos exteriores.
- Manexo de maquinaria especializada.
- Calquera outra tarefa ou función análoga e propia da súa categoría.

BASE CUARTA. PUBLICIDADE

As bases do presente proceso selectivo publicaranse integramente no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do concello de Oroso (<https://www.concellooroso.com>) así coma no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e igualmente facilitarase unha copia destas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello.

Publicarase un anuncio da convocatoria do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Dito anuncio de convocatoria poderá realizarse xuntamente coa publicación das propias bases de selección.

Publicarase igualmente anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado, nos que se fará referencia á publicación da convocatoria e das bases no Boletín Oficial da Provincia.

Os resultados das probas, as citacións e emprazamentos aos aspirantes, así coma calquera actuación do tribunal cualificador levaranse a cabo a través do taboleiro de anuncios do concello, medio exclusivo de notificación aos interesados, sen prexuízo de que aos efectos de conseguir unha maior difusión potestativamente se poderán publicar na web do Concello de Oroso.

A publicación das listas de admitidos e excluídos, listados de aprobados, resolucións de nomeamentos e demais documentos realizarase contendo o nome e apelidos dos aspirantes así como o número parcial do documento nacional de identidade ou documento equivalente.

BASE QUINTA. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

1. Ser español ou nacional dun Estado membro da unión Europea, ou nacional dalgún Estado ao que lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola unión Europea e ratificados por España.

Tamén poderán participar o cónxuxe dos españois e dos nacionais dos Estados citados, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do cónxuxe menores de vinte un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

2. Ter cumpridos dezaioito (18) anos de idade ou dezaseis (16) e contar co consentimento ou autorización do representante legal e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

3. Estar en posesión a lo menos do graduado escolar ou equivalente. No caso de titulación obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite a homologación do título. Este requisito non será esixible aos aspirantes que tiveran obtido o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións de dereito comunitario.

4. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado nin en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, ao acceso ao emprego público.

5. Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

Os requisitos para concorrer están referidos ao último día de presentación de instancias, os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, do contrario quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación desta.

BASE SEXTA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Os interesados deberán presentar a súa instancia xunto co resto da documentación dentro dos vinte días (20) naturais seguintes á publicación do anuncio da presente convocatoria no Boletín Oficial do Estado (no que se fará referencia á publicación da convocatoria e das Bases no Boletín Oficial da Provincia). Se o derradeiro día do prazo rematara en día inhábil ampliarase ata o día hábil seguinte.

Os interesados deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello na Praza Isaac Díaz Pardo, nº 1 ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello de Oroso (<https://sede.oroso.es>) no prazo antedito, a seguinte documentación:

1. Solicitude de participación conforme ao anexo I das bases.

2. Xustificante de pagamento da taxa por dereitos de exame, que de conformidade coa ordenanza fiscal reguladora queda establecida en 15 euros. O pagamento farase nas contas bancarias do Concello no modelo de autoliquidación dispoñible na páxina web do Concello e nas oficinas municipais.

3. Copia do CELGA 2 (ou superior) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, para aqueles aspirantes que desexen ser exentos da realización da terceira proba da oposición de galego.

4. Autorización de cesión de datos

A presentación de solicitudes realizarase por calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Nos supostos previstos nos apartados b), c), d) e e) do artigo 16.4, os aspirantes deberán comunicalo ao Concello mediante telegrama ou fax (981691786) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, sen que en ningún caso se teñan en conta aquelas instancias que cheguen ao concello mais alá dos sete días naturais a contar desde o remate do prazo para a presentación de solicitudes.

BASE SÉTIMA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes aprobarase por Resolución de Alcaldía unha relación provisional de aspirantes na que incluírán como admitidos todos aqueles que teñan presentado correctamente a documentación establecida na base sexta. Do mesmo xeito se indicará na mesma resolución os aspirantes excluídos provisionalmente e as causas ou motivos das súa exclusión.

Os aspirantes terán un prazo non superior a dez días (10) naturais dende a publicación no taboleiro de anuncios da devandita relación para a emenda das deficiencias que pola súa natureza considérense subsanables, non podendo ser obxecto de subsanación a realización de trámites ou actuacións que supoñan unha ampliación implícita dos prazos establecidos nestas bases.

Nun prazo non superior a dez (10) días hábiles dende a terminación do prazo anterior publicarase a relación definitiva de admitidos e excluídos nas probas selectivas, que será publicada no taboleiro de anuncios do concello, sen prexuízo de que se considere oportuno a utilización doutros medios de difusión.

Porén, no caso de non necesidade de emenda a publicación da relación de aspirantes provisional será automaticamente elevada a definitiva.

Na resolución definitiva de admitidos e excluídos emprazarase aos aspirantes admitidos para as probas de oposición sinaladas na base novena.

BASE OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

A selección dos aspirantes levarase a cabo por un Tribunal Cualificador que contará cos seguintes integrantes:

Presidente.

3 Vogais.

Secretario, que actuará con voz pero sen voto.

As persoas integrantes do citado Tribunal será nomeadas a través de resolución de Alcaldía no momento de aprobación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e en todo caso deberá estar integrado por persoal laboral fixo ou persoal funcionario de igual ou superior categoría á praza que se selecciona.

Para a válida constitución do tribunal deberán asistir o presidente e secretario e dous dos vogais.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias se formulen durante o proceso selectivo, así como tomar os acordos que procedan en orde á cobertura de prazas convocadas, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.

No caso de empate entre os membros do Tribunal de Selección decidírase polo voto de calidade do Presidente do Tribunal en segunda votación

BASE NOVENA. SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección efectuarase polo sistema de oposición.

FASE DE OPOSICIÓN (máximo 25 puntos)

A oposición constará de dous exercicios, eliminatorios cada un deles, de modo que non poderán pasar ao seguinte exercicio os aspirantes que non alcanzaran a cualificación mínima establecida para cada un deles.

Os exercicios practicaranse en chamamento único, sendo suspendido quen non compareza, calquera que sexa a causa, salvo previsión normativa específica de rango superior. O chamamento realizarase por orde alfabético do primeiro apelido dos aspirantes.

PRIMEIRA PROBA

Obrigatoria e eliminatoria. Consistirá en contestar, no prazo máximo de corenta e cinco minutos, un cuestionario tipo test de 40 preguntas, con cinco de reserva adicionais, con catro respostas alternativas e unha soa correcta, sobre o contido do programa especificado no anexo II das bases.

Cada resposta correcta sumará 0,25 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,08. A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos. O aspirante que non acade 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.

SEGUNDA PROBA

Por parte do tribunal proporase unha ou varias probas prácticas relacionadas coa parte especial do temario, a celebrar en unha ou varias sesións por un prazo máximo de catro horas, na que se valorarán os coñecementos e habilidades profesionais de acordo coas funcións do posto de traballo.

Esta proba práctica valorarase de 0 a 15 puntos debendo os aspirantes obter unha puntuación mínima de 7,5 puntos para superar a mesma.

Correspóndelle ó tribunal determinar o nivel de coñecementos e habilidades necesarias para acadar a puntuación mínima.

TERCEIRA PROBA.

De carácter obrigatorio e non eliminatorio, que realizarán os/as aspirantes que superasen as dúas probas anteriores.

Consistirá nunha ou varias probas adaptadas ao nivel de coñecemento de galego esixido atendendo ás características da praza. Será valorado como apto ou non apto.

Quedan eximidos da realización deste exercicio aqueles aspirantes que acrediten posuír, antes da finalización do prazo de presentación de instancias o CELGA 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.

BASE DÉCIMA.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO

A orde de clasificación definitiva de todo os aspirantes virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas distintas probas da oposición; no caso de empate, este resolverase pola maior puntuación obtida no exame práctico, e se persistise o empate, por sorteo. A orde de clasificación definitiva determinará a proposta de nomeamento do Tribunal.

En ningún caso o Tribunal cualificador poderá propoñer para o nomeamento un número maior de aspirantes que prazas convocadas.

Se se producise algunha vacante nas prazas ofertadas durante a vixencia do nomeamento, serán chamados aqueles aspirantes que superasen as probas de oposición por orde de puntuación, sempre que reunisen os requisitos da convocatoria.

BASE DÉCIMO PRIMEIRA. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN

Os interesados deberán presentar no prazo de dez días naturais dende a publicación da proposta de nomeamento do tribunal:

1 Informe de recoñecemento médico polos servizos do Concello, que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

- 2 Fotocopia do título académico.
- 3 Fotocopia do DNI.
- 4 Declaración xurada de non estar incurso en causa de incompatibilidade e de non estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

O Alcalde-Presidente procederá á contratación do candidato proposto polo Tribunal unha vez presenten a correspondente documentación.

Unha vez presentada toda a documentación, ao interesado lle será notificado que esta cumpre con todos os requisitos, debendo no prazo de 7 días naturais contados desde a notificación comparecer para a formalización do contrato. De non comparecer no citado prazo sen mediar causa xustificada será declarado en situación de cesante, pasando a ocupar o derradeiro lugar dentro da bolsa de emprego e procedéndose ao chamamento do seguinte aspirante que tivera superado as probas para que aporte a documentación sinalada na presente base e formalice o contrato.

Previamente á formalización do contrato o aspirante deberá prometer ou xurar o cargo na forma establecida no artigo 1 do Real Decreto 707/1979, de 5 de abril.

BASE DÉCIMO SEGUNDA. CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO

Crearase unha bolsa de emprego formada pola lista de aspirantes que logo de superar as probas da fase de oposición non obtivesen praza, ordenados de maior a menor puntuación.

É condición inescusable para a pertenza á devandita bolsa o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados na base quinta das presentes bases.

Acudirase á devandita lista para a selección de traballadores nos seguintes casos:

1. Substitución temporal dos titulares ou no seu caso dos substitutos dalgunha das prazas de oficiais de primeira do Concello de Oroso, segundo o disposto no artigo 15.1 c) do Estatuto dos Traballadores.
2. Acumulación de tarefas ou excesos puntuais de carga de traballo no suposto do artigo 15.1 b) Estatuto dos Traballadores.
3. Para a realización de unha obra o servizo determinados no suposto do artigo 15.1 a) Estatuto dos Traballadores.

Unha vez detectada a situación de necesidade de cubrir temporalmente unha praza, e elaborado o correspondente expediente no que se acreditara o cumprimento dos supostos expostos así coma a existencia de crédito orzamentario, o Alcalde-Presidente procederá ao chamamento sucesivo daqueles aspirantes por orde de lista, debendo os interesados manifestar o seu interese por escrito no prazo máximo improrrogable de dous días hábiles dende a notificación da oferta por parte do Concello, transcorrido o cal entenderase que renuncia e pasará ao seguinte da lista.

A notificación practicarase exclusivamente mediante a publicación da oferta no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, sen prexuízo de que se intente proceder a contactar co interesado vía telefónica polo menos por dúas veces en horas distintas, do cal quedará a debida constancia no expediente, mediante dilixencia redactada polo funcionario/a que realice as chamadas.

No caso de manifestar o seleccionado o seu interese, deberá presentar a documentación relacionada na base anterior, se non o fixese anteriormente, no prazo indicado naquela.

A renuncia, salvo que manifestase por escrito no prazo máximo dun (1) día hábil dende a notificación da oferta, ou á non presentación da aceptación da oferta e da documentación esixida en prazo implicará que o interesado pasará a ocupar o último lugar da lista.

Os integrantes da bolsa poderán en calquera momento pedir a renuncia definitiva á integración nesta, mediante solicitude por escrito dirixida ao Alcalde-Presidente.

A duración da bolsa de emprego terá unha validez de catro anos contados dende a publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ou, no seu defecto, ata que todos os interesados que figuren nela non manifesten interese nunha oferta de substitución concreta.

Non será necesario acudir á bolsa de emprego naqueles casos de procesos de selección financiados pola Deputación Provincial ou calquera outro organismo que entre as condicións de financiamento se requira que os traballadores seleccionados cumpran algún tipo de requisito específico non esixido no presente procedemento de selección ou requiran que a selección se leve a cabo mediante oferta cursada ao servizo público de emprego.

BASE DÉCIMO TERCEIRA. RECURSOS.

Contra a resolución de alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución do mesmo este se poderá entender desestimado conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sen prexuízo do anterior; as solicitudes de revisión de exame poderán ser presentadas no prazo máximo de 5 días hábiles a contar desde a publicación do anuncio de cualificacións da proba. Tales solicitudes serán resoltas polo Tribunal de Selección no prazo máximo de 1 mes a contar desde a presentación da mesma.

Contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección caberá a posibilidade de interpoñer recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses, transcorrido este prazo sen que recaia resolución, se poderá entender desestimado o recurso conforme o previsto no artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

BASE DÉCIMO CUARTA. NORMATIVA.

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, así como a restante normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

BASE DÉCIMO QUINTA. PROTECCIÓN DE DATOS.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle a aqueles aspirantes que presenten a súa solicitude para participar no presente procedemento de selección de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE OROSO, con dirección PRAZA ISAAC DIAZ PARDO Nº1, 15888 - A CORUÑA; INFO@OROSO.GAL.

Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal.

Os aspirantes terán dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos en calquier momento. Para elo, CONCELLO DE OROSO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Pode consultar a información adicional y detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: info@oroso.gal

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE.

D./Dña....., con DNI/NIE número.....
e domicilio a efectos de notificacións..... CP.....
localidade..... telf.....

EXPÓN:

1º.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada para a selección dun/dunha OPERARIO/A DE LIMPEZA e a creación de bolsa de emprego segundo as bases publicadas no BOP de data.....

2º.- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos na base 5ª de selección para participar no presente proceso selectivo e no caso de obter a praza comprométome a prestar xuramento ou promesa de conformidade co RD 70/1979.

3º) Que coñezo e acato incondicionalmente as bases que rexen o presente proceso selectivo.

4º) Que estou en posesión da titulación de graduado escolar ou equivalente ou en condicións de obtela á data de remate de presentación de solicitudes do presente proceso selectivo.

Polo exposto,

SOLICITO: Ser admitido/a ao correspondente proceso selectivo, achegando estes efectos a seguinte documentación (marcar se procede):

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

Xustificante de pagamento da taxa por dereitos de exame.

Certificado CELGA nivel 2 (ou superior) ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 2 segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola ORDE do 10 de febreiro de 2014.

Lugar e data

Asdo.....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OROSO.

ANEXO II – TEMARIO DA CONVOCATORIA**PARTE XERAL**

Tema 1.-A Constitución española de 1978. Estrutura. Dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.-Entidades locais, clases: provincia e municipio.

Tema 3.- O municipio: Competencias.

Tema 4.- Órganos de goberno municipais. O Alcalde o Pleno e a Xunta de Goberno Local.

Tema 5.-O Concello de Oroso. Límites. Poboación. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Localización dos lugares do Concello de Oroso.

PARTE ESPECIAL.

Tema 6.-Prevención de riscos laborais. Criterios de seguridade a ter en conta nos traballos de limpeza.

Tema 7.-Ferramentas e útiles de limpeza. As súas formas: a máquina e a mano. Uso e conservación. Uso da barredora mecánica.

Tema 8.-Produtos de limpeza. Identificación dos produtos de limpeza e desinfección. Significado dos símbolos utilizados nas etiquetas dos produtos. Manipulación e transporte. Almacenamento dos produtos e identificación dos produtos perigosos.

Tema 9.-Forma de quitar as manchas de graxa, aceite, alquitrán etc...

Tema 10.-Tipos de residuos: urbanos, industriais, sanitarios, agrícolas, gandeiros.

Tema 11.-A limpeza viaria: o barrido e o baldeo

Tema 12.-A reciclaxe de residuos domésticos.(materia orgánica, papel – cartón, vidro, textís etc..) Contenedores. Recollida de enseres. Os puntos limpos.

Tema 13.-Maquinaria para a xardinería: tipos e funcións. Uso da maquinaria.

Tema 14.-Riscos, seguridade e saúde no manexo da maquinaria de xardinería.

Tema 15.- A ordenanza xeral de limpeza e ornato público do concello de Oroso (BOP nº 161 do 15/07/2004). O regulamento de funcionamento e uso do punto limpo do Concello de Oroso. (BOP nº 20 do 01/02/2016)

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das Bases e Convocatoria para cubrir a praza vacante no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

TERCERO. Publicar no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado un extracto da Convocatoria, sendo a data de publicación no Boletín Oficial do Estado a que servirá para o computo do prazo para a presentación de instancias.

CUARTO. Dar traslado da presente ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre.

En Oroso a 2 de novembro de 2018.

Asinado dixitalmente polo Alcalde da Corporación.

Manuel Mirás Franqueira.

2018/8236